# 2005

**PLANTACIÓN DE ÁRBORES** Plantación de diversas especies autóctonas propias de ribeira. Actividade dirixida fundamentalmente a rapaces e rapazas.

**RECUPERACIÓN DA TOPONIMIA** Continúase cos traballos de recuperación da toponimia iniciados a finais do ano pasado.

**LIMPEZA DOS MUÍÑOS DE CABANAS** Levouse a cabo a limpeza dos muíños de Cabanas, consistente en desbroce de maleza, limpeza da canle etc.

**DENUNCIA DE VERTIDOS** Denúnciase ante as autoridades competentes e ante os medios de comunicación que o tramo urbán sufre vertidos líquidos cunha periodicidade duns quince días.

**CATALOGACIÓN BOTÁNICA** Iníciase a catalogación de árbores, arbustos e herbas, coa dirección do botánico Javier Silva Pando.

**V CEA ANIVERSARIO EXCURSIÓN DIDÁCTICA POLO RÍO DE ALUMNOS DO COLEXIO PÚBLICO FROEBEL DE PONTEVEDRA**, acompañados por membros de Vaipolorío.

**PRESENTACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA "O RÍO DOS GAFOS É O NOSO RÍO"** Coa colaboración do Concello de Pontevedra e CEIP Campolongo.

**ROTEIRO DO RÍO GAFOS "OS TOPONIMOS DO GAFOS"**. En colaboración co Concello de Pontevedra, dentro do programa "Maio mes da lingua". Dito roteiro estivo comentado polo filólogo Calros Solla Varela.

**VISITA GUIADA O COUREL**

**V CAMPAÑA DE LIMPEZA** Levouse a cabo durante 7 domingos consecutivos, cunhas características semellantes ás de anos anteriores. Nesta campaña contouse coa colaboración de persoal e internos do Centro Penitenciario A Lama en tódalas xornadas, e coa Concellaría de Xuventude do Concello de Pontevedra nunha xornada.

**COLABORACIÓN NA III EDICIÓN DE TERRA DE TODOS** Actividade organizada pola asociación ecoloxista e cultural Verbo Xido, de Terra de Montes.

**EXCURSIÓN DIDÁCTICA POLO RÍO DE ALUMNOS DO COLEXIO SAGRADO CORAZÓN DE PLACERES , PONTEVEDRA**, acompañados por membros de Vaipolorío.

**REUNIÓN CO DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**.

**PRESENTACION DO LIBRO "AVES DO RIO DOS GAFOS"**

**PARTICIPACION NO "PROXECTO RIOS"**, promovido por ADEGA.